CURSO 2021-22

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## DEPARTAMENTO DE MÚSICA



**CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA**
**Rúa José María Lastra, 3**
**36670 Cuntis**
**886151222**
**cpi.aurelio.marcelino@edu.xunta.es**

# Índice

1 INTRODUCIÓN.......... 5

2 CONTEXTO.......... 6

2.1 O centro.......... 6

2.2 O departamento de música.......... 7

3 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.......... 8

3.1 As competencias clave na materia de Música.......... 8

3.2 Perfil de área.......... 9

4.RELACIÓN DOS ASPECTOS CURRICULARES.......... 13

4.1.Obxectivos.......... 13

4.2.Táboas de relación por cursos: - Obxectivos - Contidos - Criterios de Avaliación - Estándares de Aprendizaxe - Competencias Clave - Grado Mínimo de Consecución - Peso Cualificativo - Procedementos e Instrumentos - Temporalización por sesións.......... 15

2º ESO – Primeiro trimestre.......... 16

2º ESO – Segundo trimestre.......... 17

2º ESO – Terceiro trimestre.......... 19

3º ESO – Primeiro trimestre.......................................................................................................... 21

3º ESO – Segundo trimestre......................................................................................................... 23

3º ESO – Terceiro trimestre........................................................................................................... 24

4º ESO – Primeiro trimestres..........................................................................................................26

4º ESO – Segundo trimestres....................................................................................................... 28

4º ESO – Terceiro trimestre........................................................................................................... 30

5 METODOLOXÍA.......................................................................................................................... 33

5.1 Materiais e recursos didácticos.................................................................................................. 33

5.2 Espazos.................................................................................................................................... 34

5.3 Actividade lectiva non presencial...............................................................................................34

5.4. Actividade lectiva semipresencial..............................................................................................35

6 AVALIACIÓN................................................................................................................................35

6.1 Avaliación inicial........................................................................................................................ 35

6.2 Avaliación continua.....................................................................................................................36

6.2.1 Procedementos e instrumentos de avaliación..........................................................................36

6.2.2 Procedementos e instrumentos de avaliación na actividade lectiva non presencial.....................................................................................................................................36

6.2.3.Criterios de cualificación....37

6.3 Avaliación final....38

6.4 Avaliación extraordinaria.... 38

6.5 Recuperación e avaliación de pendentes....38

7 AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE....39

7.1 Indicadores de logro do proceso de ensino....39

7.2 Indicadores de logro da práctica docente....39

7.3.Indicadores de logro da organización da aula e aproveitamento dos recursos.... 41

8 AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA....41

9 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.... 43

9.1 Medidas ordinarias.... 43

9.2 Medidas extraordinarias.... 43

9.3 Actividades de reforzo e ampliación.... 43

10 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.... 43

11 PLAN LECTOR.... 44

12 REFERENCIAS NORMATIVAS.... 44

# 1 INTRODUCIÓN.

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor educativo, intervén na formación emocional e intelectual das persoas, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica.

A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.

Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.

Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos

musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

# 2 CONTEXTO.

## 2.1 O centro.

O CPI Aurelio Marcelino Rey García foi creado segundo a Lei xeral de educación de 1970 para impartir Ensinanza Xeral Básica (EXB). Nun principio, o centro estaba dividido en dous edificios (un deles estaba na praza da feira), en cuxas instalacións se impartía a Educación Preescolar e Ciclo Inicial de EXB mentres que no centro da rúa da Palma, impartíanse o resto dos niveis (Ciclo Medio e Ciclo Superior). Coa entrada en vigor da LOXSE e a ampliación da escolaridade obrigatoria ata os 16 anos, o centro experimentou unha ampliación para acoller a todas as etapas do ensino obrigatorio básico e produciuse a unificación no mesmo centro de todas as etapas que se imparten actualmente. O Decreto 7/1999 creou os CPI, pasando desde entón a denominarse CPI Aurelio Marcelino Rey García. O centro está situado na rúa José Mª Lastra no centro do Concello de Cuntis. Neste curso 2021-2022 o centro conta con 4 aulas de Educación Infantil, 11 de Educación Primaria e 7 de Educación Secundaria Obrigatoria que conforman un total de 363 alumnos e alumnas.

O noso centro conta con 43 profesores e profesoras, a maior parte con destino definitivo no centro. Así mesmo, hai un administrativo, un conserxe (que depende administrativamente do Concello de Cuntis), catro persoas encargadas da limpeza (traballadoras por conta allea, froito da contrata feita pola Consellaría) e catro persoas encargas de servir no comedor (traballadoras por conta allea, froito da contrata feita pola Consellaría).

O alumnado do centro procede tanto das aldeas do municipio como do núcleo urbano do Baño.

O alumnado que acode a este centro é de extracción socio-económica media e baixa. Hai varios casos de familias moi desfavorecidas, da maioría das cales provén un alumnado con serias dificultades de aprendizaxe, debido, entre outros factores, á situación familiar. Así mesmo, tamén temos un alto número de alumnado procedente de familias desestruturadas que, xunto cos anteriores, conforman a

maior parte do alumnado con déficit de éxito escolar. O alumnado de procedencia estranxeira é escaso, mais o que hai intégrase con relativa facilidade.

A lingua de relación e uso diario é maioritariamente o galego aínda que se ten detectado no Plan lingüístico un aumento do uso inicial do castelán nos primeiros grupos de Educación Infantil.

A ANPA mantén unha relación estreita coa vida do Centro, tanto á hora de participar activamente nas actividades complementarias e extraescolares desenvolvidas, como á hora de canalizar as propostas e reclamacións das nais e pais. Desde hai dous cursos cedeulle á Xunta de Galicia a xestión do comedor do centro polo que o equipo directivo do centro asumiu o desenvolvemento da súa xestión.

## 2.2 O Departamento de Música.

| | |
|---|---|
| Composición do Departamento | Marta Álvarez Vidal<br>Iria Vigil Touza – Xefa de Departamento |
| Materias asignadas ao Departamento | Música 2º ESO<br>Música 3º ESO<br>Música 4º ESO |

| Curso | Nº de grupos | Nº de horas por grupo | Total de horas por curso |
|---|---|---|---|
| 2º de E. S. O. | 2 | 2 | 4 |
| 3º de E. S. O. | 2 | 2 | 4 |
| 4º de E. S. O. | 1 | 3 | 3 |

| Curso | Número de alumnos | Número de alumnas | Total |
|---|---|---|---|
| 2º de E.S.O. A | 8 | 11 | 19 |
| 2º de E.S.O. B | 8 | 12 | 20 |
| 3º de E.S.O. A | 5 | 7 | 12 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 3º de E.S.O. B | 6 | 6 | 12 |
| 4º de E.S.O. A | 7 | 8 | 15 |

# 3 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

## 3.1 As competencias clave na materia de Música.

A materia de música contribúe ao desenvolvemento das competencias clave da seguinte maneira:

**Competencia en conciencia e expresións culturais**:

A materia de música fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións musicais a través de experiencias perceptivas e expresivas e do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos.

Potencia actitudes abertas e respectuosas e potencia a busca de elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto ás distintas manifestacións culturais.

A materia de música permite adquirir habilidades para expresar ideas, experiencias e sentimentos de forma creativa á vez que da a posibilidade de coñecer, vivenciar, experimentar o proceso artístico a través de técnicas e instrumentos diversos. Desenvolve a creatividade e permite unha valoración do compromiso na conservación e mellora do patrimonio artístico cultural, tecnolóxico e medioambiental.

**Competencias sociais e cívicas**:

A participación en actividades musicais, especialmente as relacionadas coa interpretación e a creación colectiva que require dun traballo cooperativo, colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias musicais colectivas da a oportunidade de expresar ideas propias e de responsabilizarse da consecución do resultado final do traballo en grupo. Estimula a libre expresión de ideas e mellora a convivencia. Ademais a materia de música permite a alumnado comprender e valorar outras realidades culturais e artísticas presentes e pasadas que permite a súa comprensión.

**Competencia dixital**:

A música tamén contribúe de maneira directa ao desenvolvemento da competencia dixital. O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e o dominio básico do hardware e software musical, os distintos formatos de son e audio dixital ou as técnicas do tratamento de gravación do son relacionado coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia á vez que favorece a súa posible integración en actividades de ocio.

**Competencia matemática e a competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:**

Dita competencia se traballa en determinados aspectos dos contidos da materia de música: os compases, acústica, ritmo, relacións interválicas...

**Competencia para aprender a aprender:**

A música contribúe ao seu desenvolvemento potenciando capacidades como la atención , concentración e a memoria, así como o uso de diferentes estratexias de aprendizaxe nos procesos de adquisición de coñecementos.

**Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor**:

A música desenvolve capacidades e habilidades como a perseverancia, a responsabilidade a autocrítica e a autoestima

**Competencia en comunicación lingüística**:

A aprendizaxe musical contribúe ao desenvolvemento desta competencia na maioría das actividades que se realizan en clase xa que o alumnado ten que coñecer un vocabulario musical específico.

### 3.2 Perfil de área.

| | |
|---|---|
| **CCL** | • MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.<br>• MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.<br>• MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.<br>• MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.<br>• MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas.<br>• MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.<br>• MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais<br>• MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.<br>• MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.<br>• MUB3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. |

| | |
|---|---|
| | • MUB3.5.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. |
| **CMCCT** | • MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.<br>• MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias |
| **CSC** | • MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.<br>• MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.<br>• MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.<br>• MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.<br>• MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.<br>• MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.<br>• MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. |
| **CCEC** | • MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.<br>• MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).<br>• MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.<br>• MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias<br>• MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).<br>• MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.<br>• MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.<br>• MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.<br>• MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.<br>• MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.<br>• MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.<br>• MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.<br>• MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.<br>• MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.<br>• MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.<br>• MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.<br>• MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.<br>• MUB1.7.1. Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas.<br>• MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. |

| | |
|---|---|
| | • MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.<br>• MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.<br>• MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición.<br>• MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición<br>• MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.<br>• MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.<br>• MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.<br>• MUB2.5.1. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.<br>• MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza.<br>• MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas.<br>• MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.<br>• MUB3.1.2. Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen.<br>• MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.<br>• MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.<br>• MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición<br>• MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego.<br>• MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.<br>• MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.<br>• MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.<br>• MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas.<br>• MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.<br>• MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.<br>• MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. |
| **CAA** | • MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.<br>• MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.<br>• MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais<br>e coreografías.<br>• MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.<br>• MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.<br>• MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.<br>• MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.<br>• MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e |

| | |
|---|---|
| | respectuosa.<br>• MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.<br>• MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.<br>• MUB2.4.1. Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.<br>• MUB2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical.<br>• MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición.<br>• MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.<br>• MUB3.6.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.<br>• MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. |
| **CSIEE** | • MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.<br>• MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.<br>• MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.<br>• MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.<br>• MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.<br>• MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas.<br>• MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. |
| **CD** | • MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.<br>• MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.<br>• MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.<br>• MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.<br>• MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical.<br>• MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.<br>• MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.<br>• MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. |

# 4. RELACIÓN DOS ASPECTOS CURRICULARES.

### 4.1. **Obxectivos**.

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes

complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 4.2. Táboas de relación por cursos dos Obxectivos - Contidos – Criterios de Avaliación - Estándares de Aprendizaxe – Competencias Clave – Grado Mínimo de Consecución – Peso Cualificativo – Procedementos e

**Instrumentos de avaliación – Temporalización por sesións -**

## 2º ESO - PRIMEIRO TRIMESTRE

| Obxec. | Identif. contidos | Identif. criterios | Identif. estándar | Comp. Clave | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Peso cualific. | Procedementos e instrumentos | Temporal. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| n, ñ, m | B1.1. | B1.1 | MUB1.1.1. | CCL<br>CCEC | Recoñece e describe os parámetros do son usando o vocabulario axeitado. | Diferencia os parámetros do son. | 10% | PROCEDEMENTOS:<br>- Proba específica<br>INSTRUMENTOS:<br>- Proba obxectiva | 10 sesións |
| | B1.4. | | MUB1.1.2. | CCEC | Recoñece os compases principais a través da lectura e audición de fragmentos musicais. | Diferencia a través da audición dos tipos de compases con apoio da partitura. | 5% | PROCEDEMENTOS:<br>-Análise das actividades dos alumnos.<br>-Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS:<br>- Resolución de exercicios. | |
| | B1.2<br>B1.5.<br>B1.6. | | MUB1.1.3. | CCEC<br>CMCCT | Identifica patróns melódicos e rítmicos en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias a través de ditados. | Recoñecer patróns rítmicos sinxelos nos compases traballados. | | PROCEDEMENTOS:<br>-Análise das actividades dos alumnos.<br>-Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS:<br>- Resolución de exercicios.<br>- Diario de clase. | |
| n | B1.7. | B1.2. | MUB1.2.1. | CCEC | Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música | Diferencia os elementos de representación gráfica: notas, clave de sol, matices, compases, indicacións de tempo... | 20% | PROCEDEMENTOS:<br>-Análise das actividades dos alumnos.<br>-Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS:<br>- Resolución de exercicios. | |
| g ,n | B.1.8.<br>B.1.9. | B1.3. | MUB1.3.1.<br>MUB1.3.2. | CCEC<br>CAA | Improvisa e interpreta patróns rítmico melódicos usando os elementos e recursos adquiridos. | Improvisa e interpreta patróns rítmico melódicas usando algún dos recursos adquiridos. | 5% | PROCEDEMENTOS:<br>-Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS:<br>-Diario de clase. | |
| g, n, d, n | B1.15 | B1.6. | MUB1.6.1.<br>MUB1.6.4 | CCEC<br>CSC | Practica pezas instrumentais co apoio da partitura, atendendo as pautas básicas da interpretación: silencio, adecuación ao conxunto... | Interpreta as pezas practicadas co apoio da súa partitura, de forma activa e con iniciativa persoal, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto. | 25% | PROCEDEMENTOS:<br>- Proba específica<br>INSTRUMENTOS:<br>- .Proba obxectiva | 10 sesións |
| b, a | B2.5. | B2.3. | MUB2.3.1 | CSC | Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación. | Mantén o silencio nas actividades de interpretación. | 5% | PROCEDEMENTOS:<br>-Observación sistemática<br>INSTRUMENTOS:<br>-Diario de clase. | |
| a, b, d | B1.12 | B.1.4. | B.1.4.1 | CAA<br>CCEC | Amosa interese por aplicar as técnicas e normas de coidado dos instrumentos musicais. | Ten coidado dos instrumentos e aplica a súa técnica interpretativa. | | | |
| g, n, d, ñ | B1.15. | B1.6.. | MUB1.6.2.<br>MUB1.6.4. | CCEC<br>CSC<br>CSIEE | Practica pezas vocais do patrimonio galego co apoio da partitura, atendendo ás pautas básicas da interpretación. | Interpreta as pezas practicadas co apoio da súa partitura, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto. | 5% | PROCEDEMENTOS:<br>-Observación sistemática<br>INSTRUMENTOS:<br>-Diario de clase. | 3 sesións |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| a, b, d | B1.12 | B1.4 | MUB1.4.1. | CCEC<br>CAA | Amosa interese polo coñecemento e aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz. | Ten coidado das normas que rexe a hixiene da voz. | 5% | | |
| | B1.11 | | MUB1.4.4 | | Aplica as habilidades técnicas e interpretativas e pon en practica as técnicas de control de emocións.. | Interpreta as obras propostas tendo en conta as normas que rexen a interpretación en público. | | | |
| | B1.12 | | MUB1.4.5 | | | | | | |
| n | B2.4. | B2.2. | MUB2.2.1.. | CCEC | Sigue distintas partituras como apoio das audicións. | Diferencia nas audicións co apoio da partitura elementos construtivos: melodía, ritmo, textura, timbre, tempo, dinámica... | 10% | PROCEDEMENTOS:<br>-Análise das actividades dos alumnos.<br>- Observación sistemática<br>INSTRUMENTOS:<br>- Resolución de exercicios.<br>- Diario de clase. | 2 sesións |
| h, n | B2.6. | B2.4. | MUB2.4.1. | CCL<br>CCEC | Describe mediante a linguaxe verbal, os elementos construtivos, de obras musicais escoitadas co apoio da súa partitura. | Diferencia nas audicións co apoio da partitura os elementos construtivos. | | | |
| | | | MUB2.4.2. | | | | | | |
| | | | MUB2.4.3. | CCL | Emprega vocabulario axeitado para expresar con claridade de forma oral opinións musicais. | Expresa con claridade, de forma oral, opinións musicais usando o vocabulario axeitado. | | | |
| b, a | B2.5. | B2.3 | MUB2.3.1. | CSC | Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a audición. | Mantén o silencio nas actividades de audición. | | | |
| e, f, m | B2.7. | B2.5. | MUB2.5.1 | CSIEE<br>CD | Elabora un traballo de investigación sobre a contaminación acústica. | Entrega dun traballo de investigación guiado polo profesorado, utilizando recursos da internet. | 10% | PROCEDEMENTOS:<br>- Análise das actividades dos alumnos<br>INSTRUMENTOS<br>- Traballo de investigación | 3 sesións |
| | | | MUB2.5.2. | | | | | | |

## 2º ESO - SEGUNDO TRIMESTRE

| Obxec. | Identif. contidos | Identif. criterios | Identif. estándar | Comp. Clave | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Peso cualific. | Procedementos e instrumentos | Temporal. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ñ, n | B2.1. | B2.1. | MUB2.1.1 | CCE | Distingue o timbre e a forma dos instrumentos da orquestra. | Identifica a forma dos principais instrumentos da orquestra e o timbre das distintas secciones instrumentais. | 30% | PROCEDEMENTOS:<br>- Proba específica<br>INSTRUMENTOS:<br>- .Proba obxectiva | 5 sesións |
| | B2.3 | | | | | | | | |
| | B2.2. | | | | Distingue os diferentes tipos de voces | Clasifica as voces segundo a súa tesitura. | | | 2 sesións |
| | B3.5.. | B3.3 | MUB3.3.3. | CCEC<br>CSIEE | Coñece o timbre e a forma dos instrumentos tradicionais galegos. | Identifica a forma e o timbre dos instrumentos tradicionais galegos. | 10% | PROCEDEMENTOS:<br>- Análise das actividades dos alumnos.<br>- Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS:<br>- .Traballo de investigación.<br>- Diario de clase. | 3 sesións |
| | | | MUB3.3.4. | | | | | | |
| | | | MUB2.1.2. | CCEC | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| l, n, ñ | B3.4. | | MUB3.3.2..<br>MUB1.6.4 | CECC<br>CSIEE<br>CSC | Practica pezas do patrimonio galego, atendendo as pautas básicas da interpretación: silencio, adecuación ao conxunto... | Interpreta as pezas practicadas co apoio da partitura, de forma activa e con iniciativa persoal, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto. | 30% | PROCEDEMENTOS:<br>- Proba específica<br>INSTRUMENTOS:<br>- .Proba obxectiva | 9 sesións |
| | | | MUB3.3.1. | CCEC | Valora e respecta a importancia do patrimonio musical galego. | Respecta o patrimonio musical galego. | 5% | PROCEDEMENTOS:<br>- Observación sistemática<br>INSTRUMENTOS:<br>- Diario de clase | |
| a, n | B1.15. | B.1.6. | MUB1.6.3.<br>MUB1.6.5. | CCEC | Participa activamente nas agrupacións, colaborando e con respecto cara as propostas dos compañeiros e compañeiras e o profesorado. | Amosa interese pola participación nas actividades grupais de interpretación. | | | |
| a, b, d | B1.5.<br>B1.10. | B1.4. | MUB1.4.3. | CCEC | Practica a relaxación e a respiración, á hora de mellorar as habilidades interpretativas. | Amosa interese polo desenvolvemento das habilidades técnicas para mellorar as actividades de interpretación. | 5% | PROCEDEMENTOS:<br>- Observación sistemática<br>INSTRUMENTOS:<br>- Diario de clase | 1 sesión |
| | B1.11 | | MUB1.4.5 | CCEC<br>CAA | Practica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante o público. | Coñece e aplica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar as interpretacións públicas. | | | |
| e, n | B3.7. | B3.5. | MUB3.5.1<br>MUB3.5.2 | CD | Utiliza diversas fontes de información, de xeito guiado, para indagar sobre novas tendencias musicais e os seus principais grupos, con interese a actitude crítica. | Usa correctamente as fontes de información e amosa interese e actitude crítica pola música actual. | 15% | PROCEDEMENTOS:<br>- Análise das actividades dos alumnos.<br>INSTRUMENTOS:<br>- Traballo de investigación. | 3 sesións |
| h, e | B3.6. | B3.4. | MUB3.4.1<br>MUB3.4.2. | CCL | Expresa opinións musicais de xeito oral con rigor e claridade usando o vocabulario adecuado. | Asimila o vocabulario axeitado e conceptos básicos á hora de falar de música. | 5% | PROCEDEMENTOS:<br>- Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS<br>- Diario de clase. | 1 sesión |

## 2º ESO - TERCEIRO TRIMESTRE

| Obxec. | Identif. contidos | Identif. criterios | Identif. estándar | Comp. Clave | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Peso cualific. | Procedementos e instrumentos | Temporalización por sesións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ñ, n | B2.3<br>B2.2. | B2.1. | MUB2.1.1 | CCEC | Distingue as principais agrupacións instrumentais. | Identifica as sonoridades das agrupacións instrumentais co apoio da imaxe das mesmas | 20% | PROCEDEMENTOS:<br>- Proba específica<br>INSTRUMENTOS:<br>- Proba obxectiva | 6 sesións |
| m, n | B3.1. | B3.1. | MUB3.1.1. | | Recoñece as distintas manifestacións da danza. | Identifica os tipos de danza co apoio de imaxes. | 5% | PROCEDEMENTOS:<br>- Análise das actividades dos alumnos<br>- Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS:<br>- Resolución de exercicios.<br>- Diario de clase. | 1 sesión |
| | B3.1.<br>B3.2. | | MUB3.1.2. | | Distingue as funcións que cumpre a música cinematográfica, radiofónica ou publicitaria. | Identifica as funcións da música no cine, na radio e na televisión. | 20% | PROCEDEMENTOS:<br>- Análise das actividades dos alumnos<br>- Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS:<br>- Resolución de exercicios.<br>- Diario de clase. | 3 sesións |
| l, n | B3.3 | B.3.2 | MUB3.2.1. | | Amosa interese por coñecer músicas doutras culturas e épocas, diversificando as propias preferencias musicais. | Demostra interese e respecta a música allea as súas preferencias. | | PROCEDEMENTOS:<br>- Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS<br>- Diario de clase. | |
| e, n | B4.1.<br>B4.2.<br>B4.3.<br>B4.4<br>B.4.5 | B4.1.<br>. | MUB4.1.2.<br>MUB4.1.1. | CD<br>CSIEE<br>CD | Coñece as posibilidades do software musical para a actividade musical e participa na produción musical usando o software adecuado: editores de partituras e de audio. | Manexa adecuadamente os editores de partituras e de audio traballados e os usa como ferramentas para a súa actividade musical. | 40% | PROCEDEMENTOS:<br>- Observación sistemática.<br>- Análise das actividades dos alumnos.<br>INSTRUMENTOS<br>- Diario de clase.<br>- Resolución de exercicios. | 8 sesións |
| | B.4.6 | B.4.2. | MUB4.2.1. | | Utiliza os recursos dixitais apropiados para elaborar un traballo de investigación sobre a música nos videoxogos. | Manexa adecuadamente os recursos dixitais. | 5% | PROCEDEMENTOS:<br>- Análise das actividades dos alumnos.<br>- Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS:<br>- .Traballo de investigación.<br>- Diario de clase. | |
| | B1.13 | B.1.5. | MUB1.5.1. | CSIEE | Realiza improvisacións partindo de pautas previamente establecidas, respectando as formas dos seus | Amosa interese pola improvisación e respecta as improvisacións dos seus compañeiros. | 5% | PROCEDEMENTOS:<br>- Análise das actividades dos alumnos | 1 sesión |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| g, n | B1.14 | | MUB1.5.2. | | compañeiros. | | | - Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS:<br>- Resolución de exercicios.<br>- Diario de clase. | |

## 3º ESO – PRIMEIRO TRIMESTRE

| Obxec. | Identif. contidos | Identif. criterios | Identif. estándar | Comp. Clave | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Peso cualific. | Procedementos e instrumentos | Temporalización por sesións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| N | B1.1. | B1.1. | MUB1.1.1. | CCEC | Distingue e usa os elementos de representación gráfica da música: liñas adicionais, claves fa en 4ª, intervalos melódicos e harmónicos, matices, alteracións e escalas, compases, indicacións de tempo, | Lectura fluída en clave de sol. Marcación do ritmo según as figuras e combinado coa lectura de notas nos compases máis frecuentes. Identificación das escalas. Recoñecemento e práctica das indicacións de tempi e os matices. | 20% | PROCEDEMENTOS:<br>- Observación sistemática.<br>- Análise das actividades do alumnado.<br>INSTRUMENTOS:<br>- Diario de clase.<br>- Resolución de exercicios. | 6 sesións |
| b, n | B2.2.<br>B2.3. | B2.2. | MUB2.2.1. | CCEC | Identifica e describe en distintos tipos de partituras como apoio a audición, os elementos de representación gráfica da música estudados. | Aplica o silencio como condición previa para a audición. | | | |
| | B2.4. | B2.3. | MUB2.3.1. | CCEC | Valora o silencio como condición previa para participar á escoita | Identifica e describe en distintos tipos de partituras como apoio as audicións algúns dos elementos gráficos da música. | | | |
| n ,b | B1.2. | B1.2. | MUB1.2.1.<br>MUB2.2.1.<br>MUB2.3.1. | CCEC<br>CAA | Analiza e comprender o concepto de textura.<br>Recoñece a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de texturas melódicas, harmónicas e contrapuntísticas. | Recoñece, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de texturas melódicas, harmónicas e contrapuntísticas. | 10% | PROCEDEMENTOS:<br>- Análise das actividades do alumnado.<br>- Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS:<br>- Resolución de exercicios.<br>- Diario de clase. | 2 sesións |
| | B1.3. | B1.3. | MUB1.3.1.<br>MUB2.2.1<br>MUB2.3.1. | CCEC | Coñece e identifica as principais formas instrumentais: sonata, concierto, música programática<br>Coñece e identifica as principais formas vocais: lied, formas escénicas e relixiosas. | Coñece e identifica, a través da audición co apoio de partituras, as principais formas instrumentais: sonata, concierto, música programática<br>Coñece e identifica, a través da audición e a través de partituras, as principais formas vocais: lied, formas escénicas e relixiosas. | 30% | | 9 sesións |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| m, n | B2.1. | B2.1. | MUB 2.1.3.<br>MUB2.3.1. | CCEC<br>CAA | Identifica (auditiva e visualmente) e describe e clasifica os instrumentos, voces e as súas agrupacións, estudando as súas características e a súa evolución ao longo da historia da música. | Identifica auditivamente, e clasifica os instrumentos, voces e agrupacións principais.<br>Coñece algunhas das súas características e sitúalos na época da historia da música que corresponda. | | PROCEDEMENTOS:<br>- Análise das actividades do alumnado.<br>- Proba obxectiva. | |
| a, c, d, g, n | B.1.1. | B1.6. | MUB1.6.1. | CCEC<br>CSIEE | Practica pezas instrumentais, adecuadas ao nivel, de diferentes, xéneros e épocas da historia da música, a través da lectura de partituras, a nivel individual e en grupo | Interpreta as pezas practicadas, realizando correctamente a lectura da súa partitura a nivel individual. | 30% | PROCEDEMENTOS:<br>- Observación sistemática.<br>- Proba específica.<br>INSTRUMENTOS:<br>- Proba obxectiva.<br>- Diario de clase. | 10 sesións |
| | B1.12. | | MUB1.6.3. | CSC<br>CSIEE<br>CAA | Amosa respecto polas propostas do profesorado e dos compañeiros/as. | Respecta ao profesor/a e aos compañeiros. | 5 % | PROCEDEMENTOS:<br>- Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS:<br>- Diario de clase. | |
| | | | MUB1.6.4. | | Practica as pautas básicas de interpretación :silencio, atención ao directora e adecuación ao conxunto. | Realiza as pautas básicas de interpretación e concerta a súa interpretación coa do conxunto. | | | |
| | | | MUB1.6.5. | | Participa activamente, colaborando e amosando unha actitude aberta respectuosa. | Participa e respecta aos compañeiros/as. | | | |
| m, c, d | B1.6.<br>B1.7. | B1.4. | MUB1.4.1.<br>MUB1.4.4.<br>MUB1.4.5. | CAA<br>CCEC | Amosa interese polo desenvolvemento das habilidades técnicas nas actividades de interpretación instrumental. | Aplica con corrección algunha das habilidades técnicas aprendidas. | | PROCEDEMENTOS:<br>- Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS:<br>- Diario de clase. | |
| a, n | B1.10. | B1.5. | MUB1.5.1.<br>MUB1.5.2. | CAA<br>CCEC<br>CSIEE | Realiza improvisacións partindo de pautas previamente establecidas con actitude de superación e mellora das súas posibilidades. | Amosa interese pola realización de improvisacións. | 5% | PROCEDEMENTOS:<br>- Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS:<br>- Diario de clase. | 1 sesión |

## 3º ESO – SEGUNDO TRIMESTRE

| Obxec. | Identif. contidos | Identif. criterios | Identif. estándar | Comp. Clave | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Peso cualific. | Procedementos e instrumentos | Temporalización por sesións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| n | B3.8. | B3.4. | MUB3.4.1.<br>MUB3.4.2. | CCL<br>CCEC<br>CSC | Distingue, sitúa e caracteriza as épocas da historia da música: Edad Media e Renacimiento, Barroco, Clasicismo e Romanticismo. | Diferencia as épocas da historia da música: características principais, datación cronolóxica, principais compositores e obras. | 30% | PROCEDEMENTOS:<br>- Análise das actividades dos alumnos/as.<br>- Proba obxectiva<br>INSTRUMENTOS:<br>- Realización de exercicios.<br>- Proba específica. | 8 sesións. |
